

Faro *da* Cultura

A Economía volve á Historia

O capital segundo Thomas Piketty

JOAQUIM VENTURA

Aquel exabrupto de Bill Clinton (“A economía, estúpido”), cando era candidata á presidencia contra George Bush pai en 1992, situou o verdadeiro valor da Economía como eixo da acción política. O abraiante é que, cando aínda non vemos luz ao final do túnel desta crise sistémica que padecemos, teña que ser un profesor de contabilidade, José María Gay de Liébana, un dos que mellores diagnósticos aporte á situación. E digo abraiante porque, no fondo, a xestión económica por parte dun goberno ten que ser como a que calquera pai de familia ou ama de casa (e desculpade os tópicos) aplica para que os seus estean materialmente satisfeitos. Couxa que os gobernantes esquecen.


Ata agora, os grandes pensadores económicos elaboraron as súas teorías a partir da aparición do capitalismo no século XVIII e para explicar que vieiros tiña que seguir, desde a premissa de que o liberalismo económico era a mellor maneira de acadar a riqueza colectiva. Así o fixeron Adam Smith, David Ricardo e Thomas Malthus, o primeiro en considerar a demografía como elemento condicionante do desenvolvemento económico. Desde a dialéctica —a loita de contrarios— Karl Marx teorizou en O Capital que o desenvolvemento do capitalismo industrial acadaría un nivel de acumulación monopolista que se resolvería, sen remedio, co triunfo da clase oposta, o proletariado. Cando case un século despois o capitalismo financeiro viviu a súa primeira grande crise sistémica, John M. Keynes abordou a macroeconomía e defendeu a necesidade da inversión pública para equilibrar os desaxustes sociais provocados pola inercia egoísta do capitalismo monopolista.

Outro século despois, o capitalismo industrial en Europa e en Norteamérica é lembranza do que foi: a China fabrica por todos. Por iso, e despois da desaparición da bipolaridade entre os imperialismos e pola hexemonía da tecnoloxía, o capitalismo

*O capitalismo
occidental
é financeiro
especulativo*



Acampada de traballadores en folga (Londres).



O economista e profesor francés Thomas Piketty.

mo occidental é fundamentalmente financeiro especulativo. É dicir, provoca que —na procura do beneficio— os ricos pasen a ser máis ricos a costa de que os traballadores e mais as clases medias depauperadas sexan máis e máis pobres. Fronte a esa ditadura “dos mercados”, os gurús neoliberais sosteñen que é un fado inevitable (como fixera nos anos noventa Francis Fukuyama).

Fronte a tal diktat, a publicación de *Le Capital au XXI^e siècle* (2013), cuxo autor é o profesor francés Thomas Piketty, vén de revolucionar o pensamento económico. Máis aínda desde a publicación da súa versión inglesa (máis lixeira: 700 páxinas por 970 da orixinal), acollida con entusiasmo por xornais como *The Guardian* ou *The New York Times*.

*Piketty demostra
que o sistema
actual conduce
á oligarquía*

Alén de profesor universitario, Piketty foi o asesor económico de Segolène Royal cando esta optou á presidencia francesa en

2007. Pero para acadar estes resultados tan brillantes, soubo poñer a traballar a trinta colaboradores e tirar proveito do estudo sistemático de grandes cadros estatísticos e da súa comparación. De maneira científica, e non por simple intuición —ou por ese empirismo caseiro que consiste en decatarse do aumento do consumo de artigos de luxo—, Piketty demostra a tendencia ao crecemento da patrimonio dos ricos en progresión xeométrica por unha simple tendencia xerada polo sistema, que conduce á oligarquía.

Se ben que en termos xerais asistimos a un aumento da mesocracia nos países emerxentes, o certo é que os dirixentes financeiros están a decatarse —e non por ter lido a Piketty— que a concentración do capital nunhas poucas mans pode conducir ao colapso do capitalismo: non haberá quen consuma. O capitalismo é incapaz de asegurar o reparto da riqueza, denuncia Piketty: o exemplo máis claro é o fracaso do sistema universitario británico, colapsado polo aumento das taxas.